



PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

O PEC é un documento pedagógico onde atopamos definidos os valores, os fins e as prioridades de actuación do centro e impulsa e desenvolve os principios, obxectivos e metodoloxía nos que se basea. Ademais, relátanse todas as decisións de carácter pedagógico propios do centro.



1. Introducción	5
1.1 Datos e identificación do centro	5
1.2 Autonomía do centro	5
2. Identidade do centro	7
2.1 Principios	7
2.2 Lingua de aprendizaxe	8
2.3 Coeducación	8
2.4 Pluralismo e valores democráticos	8
2.5 Modalidade de xestión institucional	9
3. Contextualización do centro	14
3.1 Historia do centro	14
3.2 O alumnado e a contorna socioeconómica e cultural	10
3.2.1 Procedencia do alumnado	12
3.2.2 Perfil socioeconómico, cultural e lingüístico	12
3.2.3 Centros adscrito	12
3.2.4 Outros centros oficiais de ensino	12
3.2.5 Institucións públicas	13
3.2.6 Traballadores/as sociais	13
3.2.7 Asociacións	13
4. Obxectivos, valores e prioridades de actuación	26
4.1 Valores	14
4.2 Fins	14
5. O centro educativo	16
5.1 Estrutura física	16

5.1.1 Situación	16
5.1.2 Xeral	16
5.1.3 Aulas	16
5.1.4 Outros espazos	17
5.2 Órganos de goberno	17
5.2.1 Consello Escolar	17
5.2.2.Claustro de profesorado	18
5.2.3 Comisión de coordinación pedagóxica	18
5.3 Organización do profesorado	19
5.4 Organización das nais, pais e/ou titores legais do alumnado	19
5.5 Oferta educativa	20
5.5.1 EDUCACIÓN INFANTIL	20
5.5.2 EDUCACIÓN PRIMARIA	21
5.5.3 ESO	23
6. Organización interna	28
6.1.Tratamento da diversidade	28
6.2.Optatividade	28
6.3 Horario do alumnado	29
6.4 Horario do profesorado	29
6.4.1 Normas de confección do horario do profesorado	29
6.4.2 Órganos de goberno e de coordinación didáctica	30
6.4.3 Titorías	30
7. Criterios xerais sobre avaliación e promoción do alumnado	31
7.1 Criterios para a obtención da mención de honra en 6º E.P.	31
7.2 Criterios para a obtención da matrícula de honra en 4º ESO	31
7.3 Criterios para a promoción en EP	32
7.4 Criterios para a promoción en ESO	32
7.5 Obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria a través de 4º ESO	33

8. Criterios xerais sobre as actividades extraescolares e os servizos complementarios	35
Anexo I: Plan de convivencia	38
Anexo II: Plan de atención á diversidade	38
Anexo III: Plans de orientación e de acción tutorial	38
Anexo IV: Proxecto lingüístico	38
Anexo V: Plan de lectura	39
Anexo VI: Estratexia dixital do centro	39
Anexo VII: Normas de organización e funcionamento - NOF	39
Anexo VIII: Plan de igualdade	39
Anexo IX: Plan de mellora	39

1. Introducción

Datos e identificación do centro

- **Nome do centro:** CPR QUIÑONES DE LEÓN
- **Código do centro:** 36011865
- **Enderezo:** Travesía de Vigo 36
- **Código postal:** 36206
- **Localidade:** Vigo
- **Provincia:** Pontevedra
- **Teléfono:** 986278087
- **NIF:** B36609444
- **Correo:** cpr.quinones.leon@edu.xunta.gal
- **Páxina web:** quinonesdeleon.es
- **Aula virtual:** BlinkLearning

Autonomía do centro

O capítulo II do título V da **Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio (LOE)**, modificada pola **Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro (LOMLOE)**, impulsa a autonomía dos centros; esta non queda limitada á autonomía pedagóxica que fixaba a **LODE**, senón que se amplía aos ámbitos organizativos e xestión dos recursos: *“Os centros disporán de autonomía pedagóxica, de organización e de xestión no marco da lexislaciónvixente...”* (**art. 120.1 da LOMLOE**)

Na LOMLOE recóllese que “Os centros docentes disporán de autonomía para elaborar, aprobar e executar un proxecto educativo e un proxecto de xestión, así como as normas de organización e funcionamento do centro” (art. 120.2 LOE)... que deberán facerse públicos co obxecto de facilitar o seu coñecemento polo conxunto da comunidade educativa (art. 121.3 LOMLOE).

- Como queda subliñado, a autonomía dos centros vese limitada pola lexislación vixente tanto pola normativa básica, establecida polo Estado para todas as comunidades autónomas, coma pola normativa autonómica galega, no noso caso.

Coas indicacións da lei, entenderemos que a plasmación total do proxecto educativo por escrito é a compilación dos diferentes documentos que recollen, efectivamente, a concreción dos currículos das materias e os os criterios e medidas organizativas para atender as distintas vertentes da acción educativa, sen prexuízo da necesidade de sucesivas actualizacións.

Así, inclúense neste proxecto educativo os seguintes documentos aprobados polos órganos do centro:

- Plan de convivencia (**LOE Art. 121.2; Lei de Convivencia - Decreto 8/2015 Art. 11-17**)
- Plan de atención á diversidade (**LOMLOE Art. 10 a 14; Orde 8/2021**)
- Plans de orientación e de acción tutorial incluído no Plan de convivencia (**LOMLOE 121.5 ; Lei de convivencia - DECRETO 8/2015**)
- Proxecto lingüístico (**DECRETO 79/2010 e Instrución para aplicación Decreto 79/2010**)
- **Plan de lectura (LOMLOE 121.2)**
- Plan dixital (**LOMLOE; Resolución 3/09/2021**)
- Normas de organización e funcionamento (NOF) (**LOMLOE; Lei de convivencia -Decreto 8/2015 Art. 18-20**)
- Plan de igualdade (**Instrucións 06/09/19**)
- Plan de mellora (**LOMLOE**)

2. Identidade do centro

Principios

O centro, baseándose no sistema educativo español, configurado de acordo cos valores da Constitución e asentado no respecto aos dereitos e liberdades recoñecidos nela, inspírase nos seguintes principios:

- A calidade da educación para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias.
- Queremos que todo aquel que desexe a educación que se imparte neste Centro teña acceso a ela.
- Rexeitamos toda discriminación na admisión de alumnos, por razón de nivel social, capacidade económica, lugar de residencia, crenzas relixiosas, afiliacións políticas ou calidades humanas.
- Unha escola xestionada de forma participativa e democrática.
- Unha escola laica.
- Unha escola equitativa, que garanta a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación e actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que deriven de discapacidade.
- A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, e que ademais axuden a superar calquera tipo de discriminación.
- A concepción da educación como unha aprendizaxe permanente, que se desenvolve ao longo de toda a vida.
- A flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que experimentan o alumnado e a sociedade.
- A orientación educativa e profesional dos estudantes, como medio necesario para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores.
- O esforzo individual e a motivación do alumnado.

- A educación para a prevención de conflitos e para a resolución dos mesmos, así como a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- O desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade efectiva entre mulleres e homes.
- Unha escola que se relacione coa súa contorna.
- Unha escola na que as relacións entre os diversos compoñentes estean presididas por un enfoque humanístico, nas que o diálogo, a tolerancia e a disciplina sexan as máximas de actuación.
- Tendo en conta os resultados da enquisa realizada a 10 de setembro de 2022, na etapa de E.I. (92,3% castelán) e a realidade sociolingüística do Centro, tomamos a decisión de incluír un proxecto de aprendizaxe da lingua galega nesta etapa, para poder garantir o cumprimento do DECRETO 79/2010, coa intención de ir incrementando o uso do galego paulatinamente

Lingua de aprendizaxe

O Centro manifesta o seu compromiso de non discriminación por razóns lingüísticas. Sométese, ademais, expresamente ao lexislado para o uso das dúas linguas oficiais.

Coeducación

O centro reconece que, na sociedade actual, aínda está por acadar totalmente a igualdade efectiva entre os sexos e márcase como meta a eliminación de todos os comportamentos e manifestacións de carácter sexista para mellorar a convivencia entre as persoas. Revisará o contido das distintas materias á luz dunha maior igualdade e solidariedade.

Pluralismo e valores democráticos

O centro impulsará e promoverá valores esenciais recoñecidos nas sociedades democráticas, como:

- O respecto á capacidade de todas as persoas de manter a manifestar os seus puntos de vista individuais.
- A igualdade de grupos e sexos e o respecto pola identidade cultural e lingüística.
- Actitudes de tolerancia e diálogo como vías imprescindibles para unha convivencia satisfactoria.
- O comportamento democrático como norma de conduta para todos os seus compoñentes.
- A paz, a convivencia, a comunicación e a cooperación entre tódolos homes e os pobos, con un espírito aberto, dialogante, flexible, alleo a toda forma de violencia.
- Educamos no sentido da xustiza nas relacións persoais e nas estruturas sociais, económicas e políticas, cunha fonda sensibilidade de cara as inxustizas existentes e una conciencia operante de compromiso sociopolítico na transformación constante e positiva da sociedade e do mundo no que vivimos.
- O debate entre posturas diferentes como instrumento de coñecemento da realidade e como medio para a toma responsable de decisións.
- Divulgación ampla das normas de comportamento que figuran no Plan de convivencia.

Modalidade de xestión institucional

O Centro, en todos os aspectos de xestión (económica, actividades, docente...), participará dos principios enumerados a continuación e estableceraos como obxectivos do centro:

- Manter una xestión democrática.
- Promover a participación de todos os estamentos.
- Distribuír axeitadamente as función entre todos os estamentos e órganos de goberno.
- Mellorar a comunicación interna entre os membros e a comunicación externa coas familias do alumnado e co contorno.
- Fomentar o interese polo bo funcionamento

3. Contextualización do centro

Historia do centro

O Centro foi creado no ano 1974, dedicándose á actividade docente no nivel de Preescolar e EXB e obtendo a clasificación definitiva pola Orde Ministerial do 2 de xuño de 1977 (BOE do 1 de xuño de 1977) para oito unidades e 360 postos escolares. Máis tarde, en decembro de 1980, foi novamente ampliada a 10 unidades e 400 postos escolares. Así mesmo, obtívose a Autorización Definitiva para dúas aulas de Preescolar o 16 de outubro de 1980 para 60 postos escolares.

Coa entrada en vigor do réxime de concertos, este Centro subscribiu coa Administración o documento oportuno polo que se concertaron 10 unidades de EXB.

Pola Orde do 15 de agosto de 1990, DOG do 22 de agosto de 1990, concédesele subvención por primeira vez a unha aula de Preescolar, quedando subvencionados os nenos de cinco anos do curso 90/91.

Pola Orde do 13 de decembro de 1991, DOG do 8 de xaneiro de 1992, adxudícaselle axuda económica a outra aula de Educación Infantil, pertencente a nenos de 4 e 5 anos.

Tamén ten autorizada a terceira aula de Educación Infantil por Resolución do 25 de febreiro de 1996. Pola Orde do 19 de xullo de 1999, a composición resultante de autorizacións é a seguinte:

- Educación Infantil: 3 unidades
- Educación Primaria: 6 unidades
- Educación Secundaria Obrigatoria: 8 unidades.

Pola Orde de 27 de xaneiro de 2004:

- Educación Básica de adultos: niveis I, II e III.

Pola Orde do 14 de marzo de 2017 (DOG 24/03/17) quedaron autorizados os seguintes niveis educativos:

- 3 Unidades de Educación Infantil
- 6 Unidades de Educación Primaria
- 4 Unidades de Educación Secundaria Obrigatoria.

O Centro é un edificio situado na rúa Travesía de Vigo, número 36 de Vigo, na zoa de influencia do Calvario, e conta cunha superficie construída de 2698 metros cadrados e uns espazos abertos doutros 2200 metros cadrados.

Comprende 3 andares, semisoto e soto, en total 1.532 metros cadrados construídos e un patio de 450 metros cadrados e outro en fase de construción con una superficie de 750 metros cadrados. Cumpre todos os requisitos establecidos no R.D. 1004/1991 de 14 de xuño (BOE do 26) polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten ensinanzas de réxime xeral non universitarias, e demais lexislación ao respecto. Así se recoñece na O.M. de 5 de xaneiro de 1996 antes citada.

O seu asentamento en pleno centro do barrio, impide dispor de espazos abertos amplos e obriga a aproveitar ben os espazos construídos. Elo conséguese con unha distribución e organización axeitadas.



O alumnado e a contorna socioeconómica e cultural

Procedencia do alumnado

O noso alumnado, en xeral, procede do barrio onde está situado o Centro, maiormente do barrio do Calvario, da rúa Travesía e das zonas limítrofes.

É un alumnado heteroxéneo pois nos últimos anos acollemos un número elevado de alumnado de orixe estranxeiro: América do Sur (Venezuela, Colombia, Brasil...); África (Marrocos, Senegal...); Ucraína, etc. Por elo conferimos unha grande importancia á implementación das medidas de atención á diversidade e aos protocolos respectivos.

Perfil socioeconómico, cultural e lingüístico

O nivel socioeconómico do mesmo é medio-baixo/baixo

Linguas do alumnado e familias

Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

Sentenza da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 21 de novembro de 2012 (PO 447/10, 588/10 e 595/10) e do 28 de novembro de 2012 (PO 569/10, 589/10 e 591/10) que anularon o punto 2 do artigo 5 e o punto 3 do artigo 12 do Decreto 79/2010.

Resultados da enquisa na etapa de Educación Infantil. (Consulta levada a cabo no momento da matrícula, nas datas da súa realización do 20 ao 30 de xuño. Todas as enquisas están arquivadas no Centro.)

A día 10 de setembro de 2022, dos alumnos matriculados no centro, o 92,3 % optou polo castelán como primeira lingua.

Tendo en conta estes resultados e a realidade sociolingüística do Centro, tomamos a decisión de incluír un proxecto de aprendizaxe da lingua galega nesta etapa, para poder garantir o cumprimento do Decreto 79/2010, coa intención de ir incrementando o uso do galego paulatinamente, xa que é un dos obxectivos que nos propomos tanto no proxecto lingüístico do centro, como no PEC.

Outros centros oficiais de ensino

Ademais, o CPR QUIÑONES DE LEÓN colabora con universidades españolas na formación do futuro profesorado a través do Prácticum de máster de profesorado e de Maxisterio, así como na fase práctica de estudos de instalacións informáticas e similares, por contrato con centros de estudos de FP.

Institucións públicas

Neste sentido debemos destacar as seguintes institucións públicas/privadas coas que colaboramos:

Concello de Vigo. (Charlas drogodependencia, ESO e outros.)

Policía municipal de Vigo.

Universidades.

Protección Civil.

Cruz Vermella.

SERGAS.

Aldeas infantís.

Traballadores/as sociais

É fundamental manter unha estreita colaboración coas traballadoras sociais dos diferentes concellos de procedencia do alumnado, sobre todo para facer un seguimento individualizado e persoal daqueles/as alumnos/as cuxa situación familiar requira a actuación destes servizos en colaboración co departamento de orientación.

O intercambio de información entre ambas partes é habitual e obrigada, influíndo positivamente nas familias máis desfavorecidas.

Asociacións

Aínda que actualmente non hai ANPA, a colaboración con ela foi boa, coa cesión por parte do Centro de instalacións para o seu uso. Así mesmo, a asociación cooperou nas actividades extraescolares e complementarias e con diferentes axudas ao alumnado.

4. Obxectivos, valores e prioridades de actuación

Valores

O CPR Quiñones de León considera prioritario **promover os seguintes valores**:

- A igualdade social e a solidariedade.
- A igualdade entre homes e mulleres.
- A igualdade de trato, a non discriminación e inclusión educativa e o respecto ao medio e ás persoas que nos rodean, de xeito que, as circunstancias sociais e persoais, tal como o sexo, a condición socioeconómica ou a orixe étnica, non sexan un obstáculo para desenvolver o potencial educativo e garantir un estándar mínimo básico de educación para todas e todos.
- A prevención da violencia contra as nenas e as mulleres, do acoso e do ciberacoso escolar.
- A cultura de paz e os dereitos humanos.

Fins

O centro propónse como meta acadar os seguintes fins:

- Terá como obxectivos senlleiros a educación na liberdade e no pluralismo, a tolerancia e o respecto ás diferenzas entre os pobos e os individuos.
- Fomentará a igualdade entre os membros da comunidade educativa evitando calquera tipo de discriminación por razóns de sexo, raza, nacionalidade, lingua, nivel social ou por calquera outro tipo de razóns.

- Promoverá a adquisición, por parte do alumnado, dos valores nos que se sustentan a convivencia democrática, a participación, a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato e non discriminación, a prevención da violencia contra as nenas e as mulleres, a prevención do acoso e do ciberacoso escolar, así como a cultura de paz e dos dereitos humanos.
- Formará en igualdade en todas as etapas educativas, incluíndo a educación para a eliminación da violencia de xénero, o respecto polas identidades, culturas, sexualidades e a súa diversidade, e a participación activa para facer realidade a igualdade.
- Desenvolverá o espírito crítico do alumnado, fomentará a súa autonomía e ofreceralle unha formación útil para a súa incorporación madura á sociedade.
- Fomentará a adquisición de hábitos intelectuais e coñecementos, e o desenvolvemento das capacidades individuais para favorecer o progreso persoal e futuro profesional.
- Facilitará o desenvolvemento da propia organización do alumnado.
- Estimulará a competencia persoal e a colaboración mutua fronte á competitividade.
- Transmitirá coñecementos para tentar conseguir que o alumnado teña unha actitude aberta e receptiva aos cambios que o progreso e a técnica nos achegan.
- Fomentará o desenvolvemento da autoestima do alumnado. Aínda sendo esencial a parte académica, darase tamén énfase á idea de que, independentemente dos resultados meramente académicos que pode conseguir o alumnado, o proceso de afianzamento como persoa, a valoración do propio esforzo, o recoñecemento da importancia do desenvolvemento persoal, a adquisición de habilidades sociais e todos os aspectos que contribúen á formación do carácter persoal son tamén metas prioritarias.
- Potenciará o fomento da convivencia tendo como fundamento o respecto entre todos os compoñentes da comunidade educativa.
- Potenciará as actividades complementarias e extraescolares como un aspecto de suma importancia na formación das persoas.
- Promoverá o respecto e coidado da contorna.
- Implicará os diferentes sectores da comunidade educativa na vida do centro.
- Modernizará as súas instalacións e infraestruturas para adecualas aos novos retos que suscita o ensino actual.

5. O centro educativo

Estrutura física

Situación

O CPR Quiñones de León sitúase na rúa Travesía de Vigo, 36.

A vía principal de acceso ao centro é a rúa Travesía de Vigo. A entrada por esta vía supón un acceso ao centro a través dun corredor duns 4 metros de ancho que forma parte do baixo dun edificio. As instalacións do centro, realmente, comezan ao finalizar dito corredor. Existe un acceso posterior que nos comunica coa rúa Numancia (empregado durante a pandemia como entrada alternativa).

Aulas

O centro dispón de varias aulas ordinarias, asignadas a cada un dos grupos; 2 aulas para alumnado de apoio; varias para desdobramentos.

Outros espazos

- Biblioteca.
- Aula de informática.
- Taller de Tecnoloxía.
- Laboratorio.
- Aula de Plástica e Música
- Ximnasio deportivo con vestiarios e baños, en conexión coas zonas descubertas.
- Salón de actos.
- Sala comedor.
- Sala de profesorado.
- Despacho de Secretaría.
- Despacho de Administración.
- Despacho de Orientación.
- Despacho de xefatura de estudos.
- Despacho de dirección.
- Terraza.
- Ascensor.
- Patios.

Órganos de goberno

Na Programación xeral anual (PXA) estarán especificados todos os órganos de goberno xunto coa súa composición.

O CPR Quiñones de León está composto polos seguintes órganos de goberno:

Órganos unipersoais

- Director/a
- Xefe/a de estudos
- Secretario/a

Órganos colexiados

- Consello escolar.
- Claustro de profesorado.
- Comisión de coordinación pedagóxica.

Consello escolar

O Consello escolar é o órgano no que participan os distintos membros da comunidade escolar para regular a xestión do centro.

Ten a composición e competencias descritas en:

- **Artigos 126 e 127 da Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación**
- **Artigos 37, 38 e 44 do Regulamento Orgánico dos institutos de educación secundaria (Decreto 324/1996)**

O Consello escolar está constituído polos seguintes compoñentes (se hai candidatos/as):

- O director do centro.
- 4 representantes do profesorado.
- 4 representantes dos pais/nais.
- 1 representante do PAS
- 2 representantes do alumnado.
- 3 representantes da titularidade.

Claustro de profesorado

O Claustro de profesorado é o órgano propio de participación do profesorado no goberno do centro e ten a responsabilidade de planificar, coordinar, informar e, no seu caso, decidir sobre todos os aspectos educativos do centro.

- A súa composición está regulada no **Artigo 128 da Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.**
- As súas competencias están reguladas **Artigo 129 da Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.**

O Claustro de Profesores para o presente curso escolar componse de 24 membros, distribuídos por etapas do seguinte xeito:

- 12 profesores de educación secundaria
- 9 profesores de educación primaria.
- 4 profesores de educación infantil
- 1 orientadora.

Comisión de coordinación pedagóxica

É o órgano encargado de establecer os criterios para a elaboración das programacións didácticas, plans de acción tutorial e de orientación educativa e profesional, asegurando a súa coherencia con este PEC.

Como xa quedou descrito con anterioridade, a CCP celebrará as reunións e que veñen sinaladas no cadro de organización e funcionamento do centro. Convocaranse reunións extraordinarias da CCP cando ou desenvolvemento do curso así o requira.

As actividades máis significativas do plan de traballo da CCP para o presente curso escolar son as que se resumen deseguido:

- 1) Revisión-adaptación do PEC.
- 2) Desenvolvemento das modificacións que a propia LOMCE/LOMLOE e Decretos/Ordes sucesivas determinan ao efecto.
- 3) Implementación de actividades complementarias con carácter transversal:
 - Presentación de propostas para o presente curso escolar.

Organización do profesorado

Non que a refire á distribución por departamentos, esta queda reflectida na seguinte táboa:

- Departamento de Ensinanzas artísticas
- Departamento Científico-Tecnolóxico
- Departamento de Educación física e deportiva
- Departamento de Linguas (Castelán, Galego, Inglés e Francés)
- Departamento de Xeografía e Historia e Cultura clásica.
- Departamento de Orientación
- Departamento de Actividades complementarias e extraescolares
- Departamento de Dinamización lingüística

Organización das nais, pais e/ou titores legais do alumnado

A asociación de nais, pais e/ou titores legais do alumnado (ANPA) do centro, en caso de habela, será acorde á lexislación vixente.

A ANPA do centro poderá empregar as instalacións do centro para as súas reunións a calquera hora previa comunicación á dirección do centro.

Oferta educativa

O CPR Quiñones de León imparte na actualidade ensinanzas de:

- Educación infantil.
- Educación primaria.
- Educación secundaria obrigatoria.

– Educación infantil

DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

As áreas da educación infantil son as seguintes:

- a) Comunicación e Representación da realidade.
- b) Crecemento en harmonía.
- c) Descubrimento e exploración da contorna.

Horario

1. O horario na etapa de educación infantil entenderase como a distribución en secuencias temporais das actividades que se realizan nos distintos días da semana, tendo en conta que todos os momentos da xornada teñen carácter educativo.

2. O horario escolar organizarase desde un enfoque globalizador e incluírá propostas de aprendizaxe que permitan alternar diferentes tipos e ritmos de actividade, con períodos de xogo e de descanso en función das necesidades do alumnado.

3. Os períodos lectivos organizaranse baixo presupostos de flexibilidade que lle permitan ao profesorado adecualos ás características das tarefas, de xeito que o horario estea sempre ao servizo da metodoloxía.

No desenvolvemento da xornada escolar combinaranse tempos de rutinas con tempos de actividades específicas, segundo as características e as necesidades das nenas e dos nenos.

4. As actividades escolares no segundo ciclo da etapa desenvolveranse, cando menos, ao longo de vinte e cinco horas semanais.

– Educación primaria

DECRETO 155/2022, de 15 de setembro, por el que se establecen la ordenación y el currículo de la educación primaria en la Comunidad Autónoma de Galicia.

Áreas

1. As áreas da educación primaria que se imparten en todos os cursos son as seguintes:

- | | |
|---------------------------------|--------------------------------|
| a) Ciencias da natureza. | f) Lingua estranxeira. |
| b) Ciencias sociais. | g) Lingua galega e literatura. |
| c) Educación física. | h) Matemáticas. |
| d) Educación plástica e visual. | i) Música e Danza. |
| e) Lingua castelá e literatura. | |

2. Ás áreas incluídas no punto anterior engádese en 6º curso: Educación en valores cívicos e éticos.

Proxecto bilingüe

O claustro de profesores do noso centro optou por impartir en inglés a área de Ciencias da natureza (Natural science) en todos os cursos da educación primaria, axustándose ao DECRETO 79/2010. Deste xeito, se implantou progresivamente o proxecto bilingüe desde o curso 2011-12 (1º EP) ata o 2016-17 (6º EP), segundo se solicitaron as concesións.

– ESO

DECRETO 156/2022, de 15 de septiembre, por el que se establecen la ordenación y el currículo de la educación secundaria obligatoria en la Comunidad Autónoma de Galicia.

Na educación secundaria obrigatoria implántase a LOMLOE nos cursos impares para o ano escolar 2022-23 e nos pares para 2023-24.

As materias de libre disposición do centro son as seguintes:

- **1º ESO:** reforzo en Lingua castelá e Lingua galega.
- **2º ESO:** reforzo/afondamento.

En **4º ESO:** por mor de ter só una liña, ofrécese a ensinanza académica para a iniciación ao bacharelato (troncais: matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas; troncais de opción: Física e Química e Bioloxía e Xeoloxía).

En canto á materia específica que pode escoller o alumnado, cada curso só se ofertarán aquelas nas que se garanta unha matrícula de cinco alumnos/as como mínimo. Na PXA especificaranse as materias finalmente ofertadas

6. Organización interna

Tratamento da diversidade

As medidas organizativas que inflúen na metodoloxía e que están moi relacionadas coas formas de agrupamento de alumnado son:

- No reforzo ordinario, impartido polo profesorado de aula, é necesario que a repartición de alumnado nos grupos dun mesmo nivel sexa proporcional.
- O alumnado de PT e AL será atendido polo profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe
- O alumnado de ACI será atendido polo profesorado de aula durante o maior número de horas posibles cando así se considere necesario. Sairán da aula ordinaria aproveitando, sempre que sexa posible, o horario das materias nas que teñen adaptación curricular e sempre en grupos de non máis de cinco alumnas/os do mesmo nivel e necesidades.

Optatividade

O CPR Quiñones de León quere ofertar ao seu alumnado a maior gama posible de materias optativas, pero debemos ter en conta as limitacións reais (en canto a número de grupos, número mínimo marcado polas disposicións legais,...) e unha certa lóxica na elección.

A CCP determinará, cada curso, a oferta de materias do seguinte curso (escollidas entre a oferta educativa especificada neste PEC). A dirección escollerá as materias definitivas que se ofertarán no seguinte curso en función da elección do alumnado e tendo en conta que se cumpran os requisitos legais en canto a número mínimo de alumnado matriculado nas diferentes materias.

Finalmente, a oferta de materias do curso estará especificada anualmente na PXA.

Horario do alumnado

Como queda reflectido na PXA, o noso horario é continuo.

Como norma xeral, en E.I, E.P. e en ESO, non se poderá asignar a unha área ou materia máis dun período lectivo diario. Aterémonos en todo momento ás instrucións da Consellería de Educación. Os horarios quedarán reflectidos no PXA.

Horario do profesorado

Normas de confección do horario do profesorado

Para a súa confección terase en conta a seguinte normativa:

- **ORDE do 23 de xuño de 2011 (DOG 30/06/2011) pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes**
- **ORDE do 4 de xuño de 2012 (DOG 13/06/2012) pola que se modifica o artigo 4 da ORDE anterior.**

Segundo a normativa vixente anterior, en ningún caso as preferencias horarias do profesorado ou o seu dereito á elección, poderán obstaculizar a aplicación dos criterios da elaboración do horario do alumnado.

Para a confección dos horarios do profesorado teranse en conta os seguintes criterios:

- 1) Os espazos que ocupe un mesmo grupo de alumnos deberán estar o máis próximos posibles, co fin de evitar a mobilidade innecesaria.
- 2) Procurarase que o uso de espazos sexa o máis exclusivo posible, a fin de que un mesmo espazo sexa utilizado por o menor número de alumnos que se poida, e así se fagan responsables do seu uso.
- 3) Tratarase de evitar grandes mobilidades de aula nos grupos de alumnos. Esta decisión implica que o profesorado é quen asume a maior parte.
- 4) Se un mesmo profesor imparte clase de varias materias a un mesmo grupo de alumnos, evitarase, na medida do posible, que coincidan ditas materias no mesmo día.
- 5) Os horarios dos profesores son revisados co fin de procurar horarios compactos que eviten a aparición de moitos ocos entre horas de clase.

- 6) Unha vez obtido o borrador de horarios no seu conxunto intentase evitar, discrecionalmente, que materias con contidos moi conceptuais, se sitúen a última hora da xornada.
- 7) A xefatura de estudos revisa que todas as divisións propostas para todas as materias dun grupo sexan compatibles.
- 8) O cuadrante de gardas do profesorado realízase unha vez rematado o borrador de horarios no seu conxunto. Trátase de manter un equilibrio entre as necesidades do servizo e a comodidade horaria do profesorado.
- 9) O criterio xeral para asignar os titores aos grupos de alumnos é o de que sexa ou profesor que imparta materias cunha duración semanal importante no grupo.
- 10) A responsabilidade de nomear que persoas son xefes de departamento corresponde ao director, respectando as normativas ao respecto, así como as propostas que xurden dos diversos departamentos.
- 11) As reunións de departamento convocaranse segundo data fixada polo xefe/a do mesmo.

Titorías

- No horario lectivo de todo o profesorado incluírase dúas horas semanais de obrigada permanencia no centro dedicada á recepción de nais, pais ou titores legais do alumnado e á atención de alumnado.
- As titorías de alumnado en ESO son lectivas e presenciais.

7. Criterios xerais sobre avaliación e promoción do alumnado

No **DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato**, na **ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia e na Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro (LOMLOE)**, veñen especificados os criterios xerais sobre a avaliación e promoción do alumnado en ESO e en bacharelato, polo que sería reiterativo a súa inclusión neste PEC.

Abordamos, neste documento, só aqueles aspectos específicos do noso centro.

Criterios de obtención da mención honorífica en 6º E.P.

Segundo ORDE do 9 de xuño de 2016

A distinción decidírase na avaliación final de 6º E.P., segundo as normas seguintes:

1. Optarán a esta distinción os alumnos que teñan superado todas as áreas da etapa e obtiveran sobresaínte ao finalizar a Primaria en unha ou varias áreas, demostrando un rendemento académico excelente.
2. A proposta farase constar na acta de avaliación.

Criterios para a obtención da matrícula de honra en 4º ESO

Segundo o artigo 12 da ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia:

A mención de matrícula de honra decidírase na avaliación final de cuarto curso de ESO segundo as normas seguintes:

1. Optarán a esta distinción os alumnos/as de cuarto curso que na avaliación final obteñan unha nota media do curso igual ou superior a 9.
2. A mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnos/as que corresponda ao enteiro máis próximo ao 5% do total de matriculados/as nese curso.
3. En caso de que cumpran o requisito 1. varios alumnos/as, aplicaranse os seguintes criterios de desempate na orde en que aparecen:
 - a) A maior nota media en cuarto curso.
 - b) A maior nota media en toda a etapa.

4. En caso de que cumpran o requisito 1 varios alumnos/as, aplicaranse os seguintes criterios de desempate na orde en que aparecen:

c) A maior nota media en cuarto curso.

d) A maior nota media en toda a etapa.

5. A obtención da matrícula quedará consignada nos documentos de avaliación do alumno/a.

Criterios para a promoción en EP

Criterios aprobados en reunión de CCP do 08/03/2022 seguindo o establecido na **ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.**

Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do titor/a.

Nos cursos impares (primeiro, terceiro e quinto) a promoción é automática e, polo tanto, non se pode repetir.

Criterios para a promoción en ESO

Segundo o artigo 8 da **ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia:**


Criterios aprobados en reunión de CCP do 08/03/2022 seguindo o establecido na Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

PROMOCIÓN

Ao finalizar cada curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do alumno/a, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os seguintes criterios:

- Promoverá de curso o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.

- Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a promoción dun alumno/a sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:
 - a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculado/anese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
 - b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
 - c) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
 - d) Que o equipo docente considere que a promoción beneficiará a súa evolución académica.




Obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria a través de 4º ESO

Segundo o artigo 10 da **ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia**:

Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do alumno/a, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios seguintes:

- Obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados.
- Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dun alumno/a sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:
 - a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculado/a nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
 - b) Que a xuízo do equipo docente o alumno/a adquira as competencias establecidas.
 - c) Que a xuízo do equipo docente o alumno/a alcanzase os obxectivos da etapa.



8. Criterios xerais sobre as actividades extraescolares e os servizos complementarios

DECRETO 444/1996, do 13 de decembro, polo que se regulan as actividades escolares complementarias, as actividades extraescolares e os servizos complementarios dos centros privados en réxime de concerto.

O Centro CPR Quiñones de León seguirá as indicacións do Decreto arriba sinalado, facendo fincapé nos artigos seguintes:

Artigo 2º

As actividades escolares complementarias, as actividades extraescolares e os servizos complementarios terán carácter voluntario para os alumnos, non poderán supoñer discriminación para ningún membro da comunidade educativa e non terán carácter lucrativo.

Artigo 3º

Os centros privados concertados gozarán de autonomía para establecer actividades escolares complementarias, actividades extraescolares e servizos complementarios dentro dos fins fixados nas leis e neste decreto.

Artigo 4º

1. Terán carácter de actividades escolares complementarias aquelas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan.
2. As actividades complementarias que non supoñan a percepción de cantidades como contraprestación destas, non precisarán autorización por parte do delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
3. As actividades complementarias que supoñan a percepción de cantidades como contraprestación destas, mesmo no caso de que as ditas actividades sexan promovidas por persoas ou entidades distintas á titularidade do centro, deberán ser aprobadas polo consello escolar como parte da programación xeral do centro e, autorizadas polo delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, logo da proposta do Consello Escolar do centro.
4. As actividades complementarias impartidas por profesores do cadro de persoal do centro non poderán imputar custos de persoal.

Artigo 5º

Teñen carácter de actividades extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, aprobada polo consello escolar, se realizan fóra de horario lectivo.

Artigo 6º

Terán carácter de servizos complementarios os comedores escolares, aula matinal, o transporte escolar, os gabinetes médicos ou psicopedagóxicos ou calquera outro de natureza análoga, directamente relacionados coa actividade do centro docente.

Artigo 7º

As cotas para a realización das actividades extraescolares e uso de servizos complementarios que deban aporta-los usuarios deberán ser aprobadas, logo de proposta do titular, polo consello escolar do centro e comunicadas ó delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 8º

Para efectos das actividades escolares complementarias e das actividades extraescolares enténdese por horario lectivo o que comprende toda a xornada escolar, incluídos os períodos de lecer, que poidan establecerse entre clases consecutivas.

Artigo 9º

As actividades escolares complementarias e as actividades extraescolares nas que non participe a totalidade dos alumnos non repercutirán nin serán esixibles para efectos de avaliación.

Artigo 10º

Non poderá autorizarse a percepción de cantidades como contraprestación por actividades de recuperación, apoio ou reforzo durante o curso escolar para a superación de dificultades de aprendizaxe, nin por tutoría vixiada, utilización de biblioteca, actividades de estudo ou semellantes.

- **No relativo ás características das actividades e viaxes:**

Con carácter xeral realizaranse aquelas que estean previstas nas programacións didácticas das materias, o que implica aos profesores destas en primeiro termo.

Que aquelas actividades ou viaxes, que xurdan de forma ocasional ao longo do curso e teñan unha relación directa coas materias, non afecten ao desenvolvemento normal doutras materias. Cando se produzan problemas, será a CCP a que decida ou, en caso de urxencia, a xefatura de estudos, logo de consulta aos departamentos afectados.

-
- **O grao de participación necesario para facer viable unha actividade ou viaxe deste tipo.**

Cando afecte ao horario NON lectivo, precisará que participen polo menos as $\frac{3}{4}$ partes do total de alumnos que asisten á clase nun determinado grupo de alumnos (curso). A interpretación desta cifra excluírá aqueles alumnos que teñan causa xustificada que imposibilite a súa asistencia.

As actividades que só afectan ao horario lectivo serán obrigatorias.

- **No último trimestre do curso** reducirase ao mínimo imprescindible o número de viaxes ou actividades deste tipo.

Anexos

Anexo I: Plan de convivencia (Art. 121.2 LOE, art. 11-17 D 8/2015)

Anexo II: Plan de atención á diversidade (LOMLOE e Art. 10 a 14 D 229/2011)

Anexo III: Plans de orientación e de acción tutorial (LOMLOE 121.5 e Art. 15 Orde 24/7/98)

Anexo IV: Proxecto lingüístico (Art. 14 D. 97/2010) CLIL (Art. 11 D 86/2015)

Anexo V: Plan de lectura (LOMLOE 121.2), proxecto lector/biblioteca (Art. 38 86/2015)

Anexo VI: Estratexia dixital do centro (LOMLOE e Proxecto de Educación Dixital no Art. 39 D. 86/2015)

Anexo VII: Normas de organización e funcionamento (NOF)(LOMLOE, Art. 18-20 D. 8/2015)

Anexo VIII: Plan de igualdade (instrucións 6-9-19)

Anexo IX: Plan de mellora
